CA2.3 Describíronse os fluxos de documentación administrativa habituais da empresa relacionados coa compra e a venda.	• PE.4 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable.	S	20
CA2.4 Identificouse o proceso de recepción de pedidos e a súa posterior xestión.	• PE.5 - Proceso de vendas.	S	10
CA2.5 Formalizáronse os documentos relativos á compra e á venda na empresa.	• PE.6 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable. Devolucións e reclamacións.Servizo posvenda.	S	25
CA2.6 Comprobouse a coherencia interna dos documentos, para o que se trasladaron as copias aos departamentos correspondentes.	• LC.1 - Avaliación da calidade do proceso administrativo.	N	2
CA2.7 Recoñecéronse os procesos de expedición e entrega de mercadorías.	• PE.7 - Proceso de compras.	S	5
CA2.8 Verificouse que a documentación comercial recibida e emitida cumpra a lexislación e os procedementos internos da empresa.	• PE.8 - Avaliación da calidade do proceso administrativo.Sistemas de protección de datos.	N	2
CA2.9 Identificáronse os parámetros e a información que cumpra rexistrar nas operacións de compravenda.	• PE.9 - Aplicacións informáticas de xestión de clientes e facturación.	S	5
CA2.10 Valorouse a importancia da continua actualización de canles de compravenda, provedores e clientes.	• LC.2 - Bases de datos de provedores e clientes.	N	2

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.11 Valorouse a necesidade da calidade no servizo posvenda.	• LC.3 - Sistemas de protección de datos.	N	2
CA2.12 Valorouse a necesidade de aplicar os sistemas de protección e salvagarda da información, así como os criterios de calidade no proceso administrativo.	• LC.4 - Avaliación da calidade do proceso administrativo.	N	2
		TOTAL	**100**

4.3.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos da actividade de compravenda e cálculos comerciais. Conceptos de prezo de compra, prezo de venda, marxe comercial, beneficio, gastos de compra e gastos de venda. Descontos. Xuros e recargas. Comisións e corretaxes. Cálculos comerciais bá
0Sistemas de protección de datos.
Avaliación da calidade do proceso administrativo.
Proceso de compras.
Proceso de vendas.
Canles de venda e/ou distribución. Expedición e entrega de mercadorías.
Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable.
Devolucións e reclamacións.
Servizo posvenda.
Bases de datos de provedores e clientes.
Aplicacións informáticas de xestión de clientes e facturación.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Proceso de compravenda servizo posvenda. - Estudarase o proceso de compravenda e o sevizo posvenda.	• Explicar o fluxo de documentos no proceso de compravenda • Explicar a importancia dun adecuado servizo posventa..	• Realizar un esquema do fluxo de documentos nunha operación de compra. • Realizar un esquema do fluxo de documentos nunha operación de venda	• Esquemas de fluxos de documentos nas operacións de compravenda.	• Apuntes • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• LC.2 - Bases de datos de provedores e clientes. • LC.3 - Sistemas de protección de datos. • LC.4 - Avaliación da calidade do proceso administrativo. • PE.1 - Proceso de compras. Proceso de vendas.	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Pedido - Estudarase as clases de pedidos e elabororaranse diferentes pedidos.	• Explicar sobre a selección de provedores. e a elaboración de presupostos. • Explicar sobre a elaboración de presupostos e cumprimentación dun pedido.	• Realizar exercicios de elaboración de presupostos. • Realizar exercicios de elaboración de pedidos.	• Exercicios de presupostos • Exercicios de pedidos.	• Apuntes • Impresos de presupostos e pedidos • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet • Calculadora	• LC.1 - Avaliación da calidade do proceso administrativo. • PE.3 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable. • PE.4 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable. • PE.5 - Proceso de vendas. • PE.6 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable. Devolucións e reclamacións.Servizo posvenda. • PE.8 - Avaliación da calidade do proceso administrativo.Sistemas de protección de datos. • PE.9 - Aplicacións informáticas de xestión de clientes e facturación.	5,0
Albarán - Estudarase a nota de entrega o albarán e confeccionaranse diferentes documentos.	• Explicación sobre a elaboracións de albarás e a súa finalidade.	• Realizar a cumprimentación de albaranes.	• Exercicios de albaranes	• Apuntes • Impresos de albaranes • Proxector • Ordenador con conexión a internet • Calculadora	• LC.1 - Avaliación da calidade do proceso administrativo. • PE.3 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable. • PE.4 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable. • PE.6 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable. Devolucións e reclamacións.Servizo posvenda. • PE.7 - Proceso de compras. • PE.8 - Avaliación da calidade do proceso administrativo.Sistemas de protección de datos. • PE.9 - Aplicacións informáticas de xestión de clientes e facturación.	5,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Factura - Estudarase o contido xeral da factura así como os requisitos para a súa expedición. Confeccionaranse diversos tipos de facturas e facturas rectificativas.	• Explicación sobre a normativa referida á factura. • Explicación sobre a cumprimentación da factura. • Explicación sobre a aplicación do IVE na factura • Explicación sobre as facturas de rectificación.	• Realizar exercicios de elaboración de facturas • Realizar exercicios de elaboración de facturas rectificativas • Realizar exercicios de elaboración de: presuposto, pedido, carta de porte, albarán, factura e factura rectificativa.	• Exercicios cumplimentando: presuposto, pedido, carta de porte, albarán, factura e factura rectificativa.	• Apuntes • Diversos impresos • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet • Calculadora	• LC.1 - Avaliación da calidade do proceso administrativo. • PE.2 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable. • PE.3 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable. • PE.4 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable. • PE.6 - Elaboración de documentos de compravenda. Lexislación aplicable. Devolucións e reclamacións.Servizo posvenda. • PE.8 - Avaliación da calidade do proceso administrativo.Sistemas de protección de datos. • PE.9 - Aplicacións informáticas de xestión de clientes e facturación.	23,0
					TOTAL	**35,0**

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Medios de cobro e pago	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Tramita pagamentos e cobramentos, para o que recoñece a documentación asociada e o seu fluxo dentro da empresa.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os medios de pagamento e cobramento habituais na empresa diferenciando o pagamento ao contado e aprazado e valorar os procedementos de au-torización.	1	Medios de cobramento e pagamento. Autorizacións	3,0
2.1 Formalizar documentos de pagamentos: Os cheques	2	Os cheques	6,0
3.1 Formalizar recibos.	3	O recibo	3,0
4.1 Formalizar pagarés	4	O pagaré	2,0
5.1 Formalizar letras	5	A letra de cambio	14,0
6.1 Analizar as formas máis usuais de financiamento comercial e xestión de cobro.	6	Financiamento comercial e xestión de cobro	1,0
7.1 Identificar o funcionamento dos pagos por internet	7	Pagos por Internet	1,0
		TOTAL	**30**

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Identificáronse os medios de pagamento e cobramento habituais na empresa.	• PE.1 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	S	9
CA5.2 Formalizáronse os documentos financeiros utilizados e os impresos de cobramento e pagamento.	• PE.2 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	S	25
CA5.3 Valoráronse os procedementos de autorización dos pagamentos.	• LC.1 - Procesos administrativos de cobramento e pagamento. Autorizacións.	N	2
CA5.4 Valoráronse os procedementos de xestión dos cobramentos.	• LC.2 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	N	2
CA5.5 Recoñecéronse os documentos de xustificación do pagamento.	• PE.3 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	S	20
CA5.6 Diferenciouse o pagamento ao contado do aprazado.	• PE.4 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	S	20
CA5.7 Identificáronse as características básicas e o funcionamento dos pagamentos por internet.	• LC.3 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	N	2
CA5.8 Analizáronse as formas máis usuais de financiamento comercial.	• PE.5 - Financiamento de documentos de cobramento a prazo.	S	20
		TOTAL	**100**

4.4.e) Contidos

Contidos
Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais. Procesos administrativos de cobramento e pagamento. Autorizacións. Financiamento de documentos de cobramento a prazo.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Medios de cobramento e pagamento. Autorizacións - Estudaranse os medios utilizados no pagamento e cobramento da mercadoría.	• Explicación das diferentes formas de pagamento ao contado e con aprazamento. • Explicación dos procedementos de autorización dos pagos.	• Realizar un esquema coas distintas formas pagamento.	• Esquemas coas distintas formas de pagamento e cobro	• Apuntes • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• LC.1 - Procesos administrativos de cobramento e pagamento. Autorizacións. • PE.1 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais. • PE.4 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	3,0
Os cheques - Identificaranse os distintos tipos de cheques, así como a súa cumplimentación.	• Explicación sobre as distintas clases de cheques • Explicación sobre a cumprimentación dos cheques	• Realizar exercicios de cumpri-mentación de cheques.	• Exercicios de cumprimentación de cheques nominativos • Exercicios de cumprimentación de cheques al portador • Exercicios de cumprimentación de cheques cruzados • Exercicios de cumprimentación de cheques conformados	• Apuntes • Impresos de cheques • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• LC.2 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais. • PE.2 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais. • PE.4 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	6,0
O recibo - Estudaranse os recibos e a súa cumprimentación.	• Explicación sobre a elaboración de recibos	• Realizar a cumprimentación de recibos	• Exercicios de cumprimentación de recibos	• Apuntes • Modelos de recibos • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• PE.3 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
O pagaré - Estudarase o pagaré e formalizaranse diversos pagarés.	• Explicación sobre a normativa referida ao pagaré • Explicación sobre a cumpri-mentación do pagaré	• Realizar exercicios de elaboración de pagarés	• Exercicios de cumprimentación de pagarés	• Apuntes • Impresos de pagarés • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• PE.1 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	2,0
A letra de cambio - Estudarase a letra de cambio e as súas peculiaridades ecumplimentaranse letras.	• Explicación sobre a normativa referida á letra de cambio • Explicación sobre a cumprimentación da letra de cambio	• Realizar exercicios de elaboración de letras de cambio	• Exercicios de cumprimentación de letras de cambio	• Apuntes • Impresos de letras de cambio • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• PE.1 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais. • PE.4 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	14,0
Financiamento comercial e xestión de cobro - Estudaranse as formas máis habituais de financiamento.	• Explicación da diferenza entre xestión de cobro e desconto de efectos.	• Exercicios de cálculo de desconto comercial e de comisións por xestión de cobro.	• Exercicios resoltos de desconto comercial e comisións de xestión de cobro	• Apuntes • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet • Calculadora	• PE.5 - Financiamento de documentos de cobramento a prazo.	1,0
Pagos por Internet - Estudarase o funcionamento dos pagos por internet	• Indicar as formas de pago por internet sinalando as opción máis seguras.	• Buscar en Internet información sobre formas de pago seguras.	• Información obtida en Internet sobre formas de pago seguras na rede.	• Apuntes • Pizarra branca • Proxector • Ordenadores con conexión a internet	• LC.3 - Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.	1,0
					TOTAL	**30,0**

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O IVE	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Liquida obrigas fiscais ligadas ás operacións de compravenda, con aplicación da normativa fiscal.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar a normativa básica aplicada as operacións de compravenda e o réxime xeral e especiais do IVE.	1	Normativa mercantil. Réximes do IVE	5,0
2.1 Diferenciar as operacións suxeitas das non suxeitas e exentas de IVE.	2	Operacións suxeitas e operacións exentas de IVE	1,0
3.1 Identificar os compoñentes de Base Impoñible do IVE	3	Base Impoñible	4,0
4.1 Identificar os distintos tipos de IVE	4	Tipos de IVE	2,0
5.1 Coñecer as condicións de deducibilidade do IVE soportado	5	IVE deducible	3,0
6.1 Coñecer e cumprimentar as Declaracións periódicas e resumos anuais do IVE	6	Declaracións periódicas	10,0
7.1 Identificar os libros rexistros	7	Libros rexistro do IVE e libros voluntarios	5,0
		TOTAL	**30**

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identifícaronse as características básicas das normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda.	• PE.1 - Normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda.	S	15
CA3.2 Identifícaronse as obrigas de rexistro en relación co IVE.	• PE.2 - Imposto sobre o valor engadido.	S	15
CA3.3 Identifícaronse os libros-rexistro obrigatorios para as empresas.	• LC.1 - Libros de rexistro obrigatorios e voluntarios.	S	15
CA3.4 Identifícaronse os libros-rexistro voluntarios para as empresas.	• LC.2 - Libros de rexistro obrigatorios e voluntarios.	S	15
CA3.5 Identificouse a obriga de presentar declaracións trimestrais e resumos anuais en relación co IVE.	• PE.3 - Modelos e prazos de presentación da declaración-liquidación do IVE. Soporte documental e informático das operacións de compravenda.	S	15
CA3.6 Identifícaronse as obrigas informativas á Facenda en relación coas operacións efectuadas periodicamente.	• PE.4 - Declaracións censuais e de operacións con terceiras persoas.	S	15
CA3.7 Recoñeceuse a normativa sobre a conservación de documentos e información.	• LC.3 - Obrigas na conservación de documentos e información.	S	10
		TOTAL	**100**

4.5.e) Contidos

Contidos
Normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda.
Imposto sobre o valor engadido.
Modelos e prazos de presentación da declaración-liquidación do IVE.
Soporte documental e informático das operacións de compravenda.
Libros de rexistro obrigatorios e voluntarios.
Declaracións censuais e de operacións con terceiras persoas.
Obrigas na conservación de documentos e información.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Normativa mercantil. Réximes do IVE - Estudarase a lei do IVE.	• Relacionar a normativa mercantil. • Definir o IVE e establecer os requisitos de pertenza aos distintos réximes	• Realizar un esquema cos requisitos e características dos distintos réximes de IVE	• Esquemas cos distintos réximes de IVE.	• Apuntes • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• LC.3 - Obrigas na conservación de documentos e información. • PE.1 - Normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda.	5,0
Operacións suxeitas e operacións exentas de IVE - Identificaranse as operacións suxeitas o IVE das non suxeitas.	• Exposición das operacións exentas e non suxeitas de IVE.	• Realizar esquema coas operacións exentas de IVE.	• Relación de operacións exentas • Exercicios	• Pizarra branca • Apuntes • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• PE.1 - Normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda.	1,0
Base Impoñible - Identificaranse os compoñentes da base impoñible do IVE	• Explicación sobre a obtención da Base Impoñible.	• Exercicios de cálculo de Bases impoñibles	• Exercicios resoltos de cálculo de bases impoñibles.	• Apuntes • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet • Calculadora	• PE.1 - Normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda.	4,0
Tipos de IVE - Identificaranse os tipos de IVE na actualidade.	• Explicación sobre a aplicación de distintos tipos de IVE	• Realizar a relación das actividades con distintos tipos de IVE	• Relación de actividades con distintos tipos de IVE • Exercicios	• Apuntes • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• PE.1 - Normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda.	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
IVE deducible - Estudarase o IVE deducible nas diferentes operacións.	• Explicación sobre a deducibilidade do IVe soportado	• Realizar un esquema coas condicións de deducibilidade do IVE	• Esquema de IVE deducible e non deducible • Exercicios	• Apuntes • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• PE.1 - Normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda.	3,0
Declaracións periódicas - Estudaranse os distintos tipos de declaracións e confección de modelos.	• Explicación da obriga de presentar declaracións periódicas nos distintos réximes de IVE.	• Presentación dos distintos modelos de declaración e da declaración telemática. • Realizar exercicios de cumprimentación de declaracións periódicas e resumes anuais nos distintos reximes de IVE..	• Modelo 303 e 390 cumprimentados • Modelo 347 cumprimentado	• Apuntes • Pizarra branca • Impresos modelos: 303, 390, 347 • Proxector • Ordenadores con conexión a internet • Calculadora	• PE.3 - Modelos e prazos de presentación da declaración-liquidación do IVE. Soporte documental e informático das operacións de compravenda. • PE.4 - Declaracións censuais e de operacións con terceiras persoas.	10,0
Libros rexistro do IVE e libros voluntarios - Identificaranse os diferentes rexistros do IVE e os libros voluntarios.	• Explicar os libro rexistros obrigatorios e voluntarios	• Realizar a cumprimentación dos libros rexistros de facturas emiti-das, recibidas, bens de investimento e libros voluntarios	• Exercicios de libro rexistro de facturas emitidas • Exercicios de libro rexistro de facturas recibidas • Exercicios de libro de caixa	• Apuntes • Modelos de libros rexistro • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• LC.1 - Libros de rexistro obrigatorios e voluntarios. • LC.2 - Libros de rexistro obrigatorios e voluntarios. • PE.2 - Imposto sobre o valor engadido.	5,0
					TOTAL	**30,0**

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión de almacén	25

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Controla existencias aplicando sistemas de xestión de almacén.	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Clasificar os tipos de existencias e os envases e embalaxes.	1	Clases de Stocks	2,0
2.1 Describir e identificar os procedementos de xestión de stocks.	2	Xestión de Stocks	6,0
3.1 Calcular os custos prezos unitarios de custo das existencias, tendo en conta os gastos correspondentes.	3	Valoración de existencias	8,0
4.1 Valorar a importancia dos inventarios periódicos.	4	Análise ABC de inventarios	3,0
5.1 Utilizar as aplicacións informáticas e os procesos establecidos na empresa para a xestión do almacén.	5	Aplicacións informáticas de xestión de stocks	6,0
		TOTAL	**25**

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Clasificáronse os tipos de existencias habituais en empresas de produción, comerciais e de servizos.	• PE.1 - Tipo de existencias.	S	12
CA4.2 Diferenciáronse os tipos de embalaxes e envases que se utilizan.	• LC.1 - Envases e embalaxes.	N	5
CA4.3 Describíronse os procedementos administrativos de recepción, almacenamento, distribución interna e expedición de existencias.	• PE.2 - Control e xestión de existencias: procesos administrativos.	S	10
CA4.4 Calculáronse os prezos unitarios de custo das existencias, tendo en conta os gastos correspondentes.	• PE.3 - Custo de existencias. Custo unitario.	S	16
CA4.5 Identificáronse os métodos de control de existencias.	• PE.4 - Métodos de valoración de existencias.	S	16
CA4.6 Recoñecéronse os conceptos de existencias mínimas e existencias óptimas.	• PE.5 - Existencias mínimas e óptimas.	S	16
CA4.7 Identificáronse os procedementos internos para o lanzamento de pedidos aos provedores.	• LC.2 - Control e xestión de existencias: procesos administrativos.	N	5
CA4.8 Valorouse a importancia dos inventarios periódicos.	• PE.6 - Inventarios e verificacións.	S	15
CA4.9 Utilizáronse as aplicacións informáticas e os procesos establecidos na empresa para a xestión do almacén.	• LC.3 - Aplicacións informáticas para a xestión de almacén.	N	5
		TOTAL	**100**

4.6.e) Contidos

Contidos
Tipo de existencias.
Envases e embalaxes.
Inventarios e verificacións.
Control e xestión de existencias: procesos administrativos.
Custo de existencias. Custo unitario.
Existencias mínimas e óptimas.
Métodos de valoración de existencias.
Aplicacións informáticas para a xestión de almacén.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Clases de Stocks - Identificaranse os tipos de existencias e os tipos de envases e embalaxes.	• Clasificar as distintas clases de existencias. • Definir as distintas clases de Stocks (Stock de seguridade, óptimo, etc.)	• Realizar un esquema cos distintos tipos de Stocks e existencias	• Esquemas cos distintos tipos de Stock	• Apuntes • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• LC.1 - Envases e embalaxes. • LC.2 - Control e xestión de existencias: procesos administrativos. • PE.1 - Tipo de existencias.	2,0
Xestión de Stocks - Estudarese o punto de pedido e o periodo medio de maduración financieira.	• Explicar o concepto de Punto pedido. • Explicar o concepto de Punto medio de maduración	• Realizar cálculos do punto de pedido e do PMM	• Exercicios de Punto de pedido e PMM calculados	• Apuntes • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet • Calculadora	• PE.2 - Control e xestión de existencias: procesos administrativos. • PE.5 - Existencias mínimas e óptimas.	6,0
Valoración de existencias - Estudaranse os diferentes métodos utlizados na valoracións das existencias: PMP, FIFO e LIFO.	• Explicación dos métodos de valoración de existencias	• Exercicios de valoración de existencias mediante o sistema de Precio medio ponderado, Lifo e Fifo	• Exercicios resoltos de PMP, LIFO e FIFO	• Apuntes • Fichas de almacén • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet • Calculadora	• PE.3 - Custo de existencias. Custo unitario. • PE.4 - Métodos de valoración de existencias.	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Análise ABC de inventarios - Estudarase o método ABC de control de inventarios.	• Explicación sobre o control de inventarios coa análise ABC	• Realizar exercicios de control de inventario mediante o método ABC.	• Exercicios resoltos de control de inventario.	• Apuntes • Pizarra branca • Proxector • Ordenador con conexión a internet	• PE.6 - Inventarios e verificacións.	3,0
Aplicacións informáticas de xestión de stocks - Faranse exercicios con aplicacións informáticas para a xestión do almacén.	• Explicar o funcionamento dunha aplicación de xestión de Stocks	• Realizar un exercicio práctico de control de stocks mediante una aplicación informática.	• Exercicio resolto mediante aplicación informática de control de Stock.	• Apuntes • Proxector • Aplicación informática de facturación e control de inventario • Ordenadores con conexión a internet	• LC.3 - Aplicacións informáticas para a xestión de almacén.	6,0
					TOTAL	**25,0**

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua a través das actividades que se programen e harmonizarase con probas teórico-prácticas para cada avaliación parcial, de carácter obrigatorio para o alumnado, e axustadas aos resultados de aprendizaxe e aos criterios de avaliación do currículo.

A valoración do grao de consecución dos resultados de aprendizaxe farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos para o módulo. Os mínimos exixibles están directamente relacionados cos criterios de avaliación que parecen no currículo e veñen recollidos nesta programación.

No punto 4c) xa se especificou o peso de cada criterio de avaliación en función da unidade didáctica de que se trate así como si dito criterio dentro da unidade didáctica considérase mínimo exsixible.

MÍNIMOS EXIXIBLES

CA1.1 - Recoñecéronse as funcións do departamento de vendas, ou comercial, e as do de compras.
CA1.2 - Recoñecéronse os tipos de mercados, de clientes e de produtos ou servizos
CA1.4 - Identificáronse os conceptos de prezo de compra do produto, gastos, prezo de venda, desconto, xuro comercial, recarga e marxe comercial.
CA1.5 - Distinguíronse os conceptos de comisión e corretaxe.
CA1.7 - Clasificáronse os tipos de desconto máis habituais.
CA1.8 - Recoñecéronse e cuantificáronse os gastos de compra ou de venda.
CA1.9 - Identificáronse os métodos para calcular o prezo final de venda e os prezos unitarios.
CA2.2 - Recoñeceuse o contrato mercantil de compravenda.
CA1.3 - Describíronse os circuítos dos documentos de compravenda.
CA1.6 - Recoñecéronse as porcentaxes do imposto sobre o valor engadido (IVE) para aplicar nas operacións de compravenda.
CA2.1 - Identificáronse os documentos básicos das operacións de compravenda e precisáronse os requisitos formais que deban cumprir.
CA2.3 - Describíronse os fluxos de documentación administrativa habituais da empresa relacionados coa compra e a venda.
CA2.4 - Identificouse o proceso de recepción de pedidos e a súa posterior xestión.
CA2.5 - Formalizáronse os documentos relativos á compra e á venda na empresa.
CA2.7 - Recoñecéronse os procesos de expedición e entrega de mercadorías.
CA2.9 - Identificáronse os parámetros e a información que cumpra rexistrar nas operación de compravenda.
CA5.1 - Identificáronse os medios de pagamento e cobramento habituais na empresa.
CA5.2 - Formalizáronse os documentos financeiros utilizados e os impresos de cobramento e pagamento.
CA5.5 - Recoñecéronse os documentos de xustificación do pagamento.
CA5.6 - Diferenciouse o pagamento ao contado do aprazado.
CA5.8 - Analizáronse as formas máis usuais de financiamento comercial.
CA3.1 - Identificáronse as características básicas das normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda
CA3.2 - Identificáronse as obrigas de rexistro en relación co IVE.
CA3.3 - Identificáronse os libros-rexistro obrigatorios para as empresas.

CA3.4 - Identificáronse os libros-rexistro voluntarios para as empresas.
CA3.5 - Identificouse a obriga de presentar declaracións trimestrais e resumos anuais en relación co IVE.
CA3.6 - Identificáronse as obrigas informativas á Facenda en relación coas operacións efectuadas periodicamente.
CA3.7 - Recoñeceuse a normativa sobre a conservación de documentos e información.
CA4.1 - Clasificáronse os tipos de existencias habituais en empresas de produción, comerciais e de servizos.
CA4.3 - Describíronse os procedementos administrativos de recepción, almacenamento, distribución interna e expedición de existencias.
CA4.4 - Calculáronse os prezos unitarios de custo das existencias, tendo en conta os gastos correspondentes.
CA4.5 - Identificáronse os métodos de control de existencias.
CA4.6 - Recoñecéronse os conceptos de existencias mínimas e existencias óptimas.
CA4.8 - Valorouse a importancia dos inventarios periódicos.

A avaliación será un proceso continuo e haberá tres avaliacións. A relación de unidades que compoñen cada avaliación son:

- Primeira avaliación: unidades 1 - 2 - 5 (1ª parte IVE).
- Segunda avaliación: unidades 3 -4.
- Terceira avaliación: unidades 5 (2ª parte IVE) e 6.

En cada unidade didáctica establécese o instrumento a aplicar segundo os contidos da mesma.
Se o instrumento é proba escrita esta poderá ser exame teórico e/ou práctico, traballos, etc. As probas teóricas poden ser de resposta curta, cumprimentar, resposta larga, tipo test (con e sen desconto de erros). Nas diferentes probas constarán os pesos de cada pregunta. De ser tipo test especificarase o que restan as respostas erróneas.

Se o instrumento é táboa de observación ou lista de cotexo, son táboas que conteñen indicadores que serven para avaliar se o alumnado realizou as aprendizaxes relacionadas cun criterio de avaliación e dispoñen de columnas adicionais para realizar a valoración.

A nota de cada avaliación será un número enteiro entre 1 e 10 puntos e será a media ponderada das unidades didácticas que compoñen a avaliación. Se algunha das unidades didácticas que compoñen a avaliación está suspensa, a nota da avaliación poderá ser como máximo 4 puntos sobre 10.

A nota final do módulo será a media ponderada de todas as unidades didácticas que compoñen o módulo. Para superar o módulo, teñen que estar aprobadas todas as unidades didácticas con un mínimo do 50% dos mínimos esixibles superados cada unha. No caso de ter algunha unidade didáctica suspensa, a nota poderá ser como máximo 4 puntos sobre 10.

O redondeo efectuarase por exceso cando as décimas da cualificación sexan iguais ou superiores a 6.

Se un/ha alumno/a non se presenta a un exame, só terá dereito á repetición do exame aportando un xustificante oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.

Considéranse causas xustificadas da non asistencia a un exame as seguintes:

a) Enfermidade grave ou hospitalización que impida fisicamente a asistencia ou realización do exame.
b) Morte ou hospitalización dun familiar con relación de parentesco de primeiro grado ocorrida dentro das 48 horas anteriores á celebración do exame.
c) Citación xudicial inaprazable que impida a asistencia ao exame.
d) Calquera outra libremente apreciada pola profesora, da que o alumno deberá aportar a xustificación debida.

Sancionarase coa cualificación de 1 cando se comprobe que o alumno/a non actuou de boa fe ao realizar as probas porque copiara ou realizara condutas similares.
A superación dos controis, exames, tarefas e traballos deberá obterse de forma lícita.

Polo tanto, o feito de copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, apuntamentos, etc. (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un cero na cualificación do mesmo, sen dereito a repetición, o que suporá unha nota de suspenso nas unidades que compoñan esa avaliación.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Faranse unhas probas iniciais para coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. Estas probas adaptaranse a cada módulo, e poderan ser:

- Exercicios-problemas de cálculo como aplicación de porcentaxes, proporcións, etc.
- Cuestionario sobre conceptos básicos precisos para a aprendizaxe do módulo.

O resultado desas probas será levado á sesión de avaliación inicial que realizará o equipo docente.

Avaliación Trimestral

Cada calificación trimestral calcularase en base aos resultados obtidos cos seguintes instrumentos de avaliación, situándose o aprobado a partir do 50% dos mínimos esixibles superados:

- Exames: 80%: Mínimo do 50% dos mínimos esixibles superados en tódolos exames para superar o trimestre. As probas obxectivas serán tanto programadas e datadas, como a criterio do docente sin previo aviso. Calquera intento de copia ou fraude, suporá o suspenso nese bloque de contidos.

- Actividades avaliables 20%: Entrega das actividades avaliables realizadas en cada UD para a súa corrección.
A non presentación dos exercicos feitos na aula das diferentes unidades didácticas supondrá unha nota negativa de (-0,25) por unidade didáctica.

Para obter á calificación final do trimestre sumaranse as calificacións das dúas notas anteriores, tendo en conta que, para sumar á calificación final do trimestre o %,das actividades, será necesario ter superado o 50 % dos mínimos esixibles en tódolos exames do trimestre.

- A asistencia a clase é obrigatoria.
- Con 10% de faltas non xustificadas pérdese o dereito a exame.
- Calquera día, en horas de clase, pode haber un control sen previo aviso. A nota obtida terase en conta para a nota final.
- Calquera intento de copia ou fraude suporá o suspenso na Unidade Didáctica correspondente.
- A non presentación dos exercicos das diferentes unidades didácticas supondrá unha nota negativa de (-0,25) por unidade didáctica

Avaliación Final

A calificación final do módulo calcularase a través da media das tres calificacións trimestrais. Para o cálculo desta media tódalas calificacións trimestrais deberán ter superados un mínimo do 50% dos mínimos esixibles .

É moi importante que o alumno asimile que debe comportarse, da forma máis parecida posible a un posto de traballo para o que está formándose. Por iso terase en conta: iniciativa propia, traballo, esforzo, interés, asistencia, puntualidade, comportamento na clase, respecto ó/a profesor/a e ós/as compañeiros/as, etc.

Aqueles alumnos que teñan unha cualificación negativa nalgunha das tres avaliacións trimestrais, deberán realizar no mes de xuño, unha proba final de avaliación que evidencie a adquisición das capacidades terminais elementais do módulo.

A avaliación final servirá para valorar os logros obtidos polo alumno ó termo do proceso de ensino-aprendizaxe e para determinar a cualificación final do ciclo formativo en función dos obxetivos xerais do currículo e a competencia profesional característica do título. Os alumnos que tivesen cualificación positiva nas tres avaliacións trimestrais, non terán que presentarse a esta proba final.

Finalmente, é preciso dicir que a avaliación non debe ser unicamente un instrumento para coñecer o progreso do alumno, senón que debe servir tamén como medio de autoavaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e para corrixilo se é necesario.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os procedementos de recuperación durante o curso realizaranse en data posterior a cada avaliación. Para a súa recuperación seguirase o seguinte proceso:

- Detectar as causas.

- Paliar, na medida do posible, estas causas: intentando unha maior motivación, sinalando técnicas de estudio e traballo máis específicas, sinalar conceptos básicos das unidades.

- Realizar exercicios máis sinxelos ou con máis pasos intermedios, para alcanzar o nivel esixido.

- Realizar un exercicio de recuperación ou un traballo complementario que englobe as capacidades non conseguidas.

- Realizarase unha proba final (proba escrita teórico-práctica) para aqueles alumnos/as que non superasen algunha ou todas as unidades didácticas. O/a alumno/a conservará a nota das unidades didácticas que teña aprobadas. O exame consistirá en resolver preguntas tipo test ou de desenvolvemento curto teóricas e/ou prácticas. A nota deste exame será a nota da unidade didáctica recuperada e será de entre 1 e 10 puntos. Para superar a unidade didáctica ten que acadarse un mínimo do 50% dos mínimos esixibles para a mesma. A nota final do módulo determinarase segundo o procedemento para as avaliacións ordinarias.

ALUMNADO CO MÓDULO PENDENTE

Para a recuperación do módulo realizaranse 2 exames:

Mes de decembro:

Recuperación 1ª avaliación: unidades 1 - 2 - 3.

Mes de febreiro:

Recuperación 2ª e 3ª avaliación: unidades 4 - 5 - 6.

Cada recuperación constará dun único exame que versará sobre as unidades didácticas mencionadas.

- A calificación final do módulo calcularase a través da media das tres avaliacións, situándose o aprobado a partir do 50% dos mínimos esixibles superados. Para o cálculo desta media todas as calificacións trimestrais deberán acadar necesariamente este 50% de mínimos esixibles.

- Toda conducta de copia o plaxio en exámenes será penalizada directamente con un 0 tanto para o alumno/a que copió como para o que permitiu ser copiado/a.

- O alumno/a que non logrou aprobar algún dos exámenes de recuperación podrá presentarse ao correspondente examen extraordinario de recuperación:

- O examen extraordinario de recuperación realizarase nunha data previa a FCT (MARZO-ABRIL), e consistirá nunha única proba sobre toda a materia impartida durante os trimestres non superados. O aprobado situarase co alcance do 50% dos mínimos esixibles correspondentes.

Os criterios de avaliación son os mesmo que se aplicarán os alumnos de 1º curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito a avaliación continua cando supere o 10% de faltas de asistencia xustificadas segundo a Norma de Organización e Funcionamento (NOF) do centro e o 10% de faltas inxustificadas segundo o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011.

A tenor do exposto, e tendo en conta as casuísticas comentadas, ao finalizar o período lectivo para este módulo, farase unha proba obxectiva de toda a materia para aqueles/as alumnos/as que por falta de asistencia perderon o dereito a avaliación continua, consistente nun exame de todas as unidades didácticas. O exame consistirá en resolver preguntas tipo test ou de desenvolvemento curto teóricas e/ou prácticas. A nota deste exame será a nota da unidade didáctica correspondente e será de entre 1 e 10 puntos. Para superar a unidade didáctica terán que acadarse como mínimo o 50% dos mínimos esixibles .

A nota final do módulo determinarase segundo o procedemento para as avaliacións ordinarias.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación correspóndelle, en primeiro lugar, á profesora, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente e no departamento, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente.

Ademais, na reunión de departamento, ao longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso. O seguimento de programación reflíctase na aplicación da Consellería de Educación "Programacións".

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, a profesora realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
Procurarase obter información sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, coincidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Tamén se consultará co Departamento de Orientación para coñecer se existen dificultades co alumnado respecto á expresión oral ou escrita, a capacidade de abstracción, a correcta utilización das fontes de información, a utilización da lóxica na resolución de problemas, o dominio das técnicas de estudio máis elementais, etc.

No inicio do curso é importante coñecer a cada alumno/a, en particular, e ao grupo, en xeral; concretamente, a información persoal, ocupacional, os intereses, as expectativas, limitacións, etc., que cambiarán ao longo do curso e permitirán á profesora reorientar a programación. Trátase de información que afecta ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Como instrumentos de avaliación utilizaranse:

- Informes do Departamento de Orientación.
- Observación do alumnado nos primeiros días de clase e un cuestionario inicial.
- Probas iniciais para coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. Estas probas adaptaranse a cada módulo, e poderan ser:

  * Exercicios-problemas de cálculo como aplicación de porcentaxes, proporcións, etc.
  * Cuestionario sobre conceptos básicos precisos para a aprendizaxe do módulo.

-No caso de alumnos repetidores, as experiencias do curso pasado

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A Lei Orgánica de Educación, no seu artigo 71, establece a obriga da Administración de dispoñer dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Segundo a LOE os/as alumnos/as poden requirir unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades especificas da aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Neste contexto, o artigo 5 do Real Decreto 1147/2011 establece que as ensinanzas de FP adaptaranse ao alumnado con NEE para que se garanta o seu acceso, permanencia e progresión nestas ensinanzas.

En Galicia regúlase a atención á diversidade do alumnado a través do Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Así mesmo, establécense protocolos específicos como o protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, pensando nun posible alumno que precise medidas de atención concretas.

Unhas das medidas xerais a aplicar é o reforzo. Entendemos como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas polo profesorado e dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias, tratándose sobre todo de medidas que requiren flexibilidade metodolóxica.

- Situar ao alumnado con necesidades específicas nos grupos nos que mellor poida traballar cos seus compañeiros. Para iso deben aproveitarse as interaccións e axudas que de forma espontánea se producen en todos os grupos; pero ademais será necesario potenciar e desenvolver intencionalmente estas interaccións.

- Introducir métodos e técnicas de ensino-aprendizaxe especificas para traballar determinados contidos, sexan individuais ou compartidos co grupo.

- Utilizar técnicas, procedementos e instrumentos de avaliación distintos dos do grupo de referencia.

- Incorporar, nas actividades de ensino-aprendizaxe e avaliación, o tipo de axuda máis axeitado para o/a alumno/a. Por exemplo, axudas visuais , axudas persoais (compañeiros, profesores, auxiliares educativos, intérpretes, expertos, etc...).

- Introducir actividades individuais, ben alternativas ou ben complementarias, para conseguir obxectivos comúns ao grupo de referencia.

- Eliminar aquelas nas que non se beneficie ou non poida ter unha participación activa e real.

- Situar o/a alumno/a no lugar da aula no que se compensen ao máximo as súas dificultades e no que participe, o máis posible, na dinámica do grupo.

En calquera caso, as medidas deberán ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade poranse en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de información e orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas e promover unha adaptación curricular.

Non obstante, tendo en conta os distintos motivos da atención a diversidade levaranse a cabo as seguintes accións:

- Alumnado con altas capacidades intelectuais: O alumnado que posúa características de altas capacidades e/ou a aqueles que pola súa capacidade ou experiencia teñan un nivel claramente superior ao resto da clase, proporcionaránselles actividades específicas que permitan

desenvolver o seu intelecto da forma máis axeitada. Recomendaráselles e proporáselles a realización de actividades de maior complexidade que ao resto da clase, que amplíen os conceptos, ben sexa coa lectura de artigos ou bibliografía avanzados ou a realización de actividades de maior complexidade.

- Alumnado con dificultade de aprendizaxe: Aos alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe trataráselles de orientar cara a realización de actividades máis básicas que cumpran os obxectivos marcados para o módulo. Proporcionaráselles información de apoio adecuada ao seu nivel.

- Alumnado estranxeiro: No caso de alumnos estranxeiros con problemas de comunicación asociados a linguaxe, axudaráselle a entender os contidos na súa lingua sempre que sexa posible.

- Alumnado con necesidades educativas especiais: Para os alumnos con necesidades educativas especiais realizaranse adaptacións curriculares, estas poderán ser significativas ou non significativas. Calquera adaptación curricular que se faga aos alumnos con necesidades educativas especiais farase sempre en colaboración co Departamento de Información e Orientación, o cal nos indicará os graos e formas de aprender do alumno co fin de determinar que obxectivos da programación convén modificar ou adaptar. Todo isto intentando sempre integrar ao alumno co resto de compañeiros.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Trámites laborais obrigatorios. - Analizar os trámites laborais a que obriga a nosa lexislación.	• Presentación e explicación de contidos	• Casos prácticos de cumprimentación da inscripción de empresas e afiliación e alta dos traballadores na S.S.	• Conecer os trámites e documentos relativos a inscripción de empresas e traballadores na S.S.	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca • Impresos	• LC.2 • PE.1 • PE.2 • PE.4 • TO.1	7,0
					TOTAL	**18,0**

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O salario e o recibo de salarios. Confección de nóminas	36

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO
RA4 - Elabora a documentación correspondente ao pagamento de retribucións do persoal, de cotización á Seguridade Social e de impostos inherentes, consonte a normativa.	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identifica a forma de retribución, diferenciar o salario mínimo interprofesional do IPREM e valorar as garantías de salario. 1.2 Analiza a estrutura básica do recibo do salario, diferenciando os devengos salariais e os extrasalariais. 1.3 Identifica os devengos que se establecen con maior frecuencia en función das circunstancias laborais e personais.	1	O salario e o seu recibo.	5,0
2.1 Aplica a teoría os casos prácticos. 2.2 Cumprimentar os recibos de salarios, en supostos de retribución mensual. 2.3 Cumprimentar adecuadamente o modelo oficial de recibo de salarios, no suposto de retribución diaria.	2	Exercicios prácticos sobre o salario.	20,0
3.1 Coñece os conceptos retributivos que cotizan á Seguridade Social e tributan no IRPF dos que non cotizan e non tributan. 3.2 Calcula as bases de cotización á Seguridade Social nos supostos de retribución diaria e mensual. 3.3 Describe o procedemento utilizado para calcular a porcentaxe de retención a conta do IRPF.	3	Conceptos que tributan á Seguridade Social.	5,0
4.1 Calcula bases de cotización á Seguridade Social en determinados casos prácticos. 4.2 Calcula a porcentaxe de retención a conta do IRPF.	4	Casos prácticos de tributación á Seguridade Social.	6,0
		TOTAL	**36**

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.4 Obtivéronse documentos oficiais utilizando a páxina web dos organismos públicos correspondentes.	• LC.1	N	5
CA3.6 Obtivéronse as táboas, os baremos e as referencias sobre as condicións laborais: convenio colectivo, bases e tipos de cotización á Seguridade Social, e retencións do IRPF.	• LC.2	N	3
CA3.7 Aplicáronse as normas de cotización á Seguridade Social referentes a condicións laborais, prazos de pagamento e fórmulas de aprazamento.	• LC.3	S	15
CA4.3 Identificouse a estrutura básica do salario e os tipos de percepcións salariais, non salariais, de periodicidade superior ao mes e extraordinarias.	• PE.1	S	15
CA4.4 Calculouse o importe das bases de cotización en función das percepcións salariais e das situacións que máis comunmente as modifican.	• LC.4	S	15

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.5 Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.	• LC.5	S	15
CA4.6 Tivéronse en conta os prazos establecidos para o pagamento de cotas á Seguridade Social e para retencións, así como as fórmulas de aprazamento, segundo os casos.	• TO.1	S	15
CA4.7 Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.	• LC.6	S	15
CA4.8 Creáronse os ficheiros de remisión electrónica, tanto para entidades financeiras como para a Administración.	• PE.2	N	2
		TOTAL	**100**

4.6.e) Contidos

Contidos
Proceso e procedemento de contratación laboral. Rexistro. Afiliación e alta na Seguridade Social. Confección do recibo de salarios.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O salario e o seu recibo. - Analizar a estrutura básica do recibo de salario.	• Presentación e explicación de contidos	• Realización de esquemas • Repostar a cuestións plantexadas	• Identificar a estructura básica dunha nómina	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca • Modelo nómina	• LC.2 • LC.3 • PE.1	5,0
Exercicios prácticos sobre o salario. - Aplicar a teoría traballada na actividade anterior ós casos prácticos.	• Presentación e explicación de contidos	• Realización de exercicios prácticos de recibo de salarios	• Cumplimentación dun recibo de salarios	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca • Modelo nómina • Calculadora	• LC.1 • LC.2 • LC.4 • LC.5 • LC.6 • PE.2	20,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Conceptos que tributan á Seguridade Social. - Coñecer os conceptos que tributan á Seguridade Social.	• Presentación e exposición de contidos	• Repostar a cuestións plantexadas	• Coñecer os conceptos que tributan a S.S. e o IRPF	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca • Impresos • Calculadora	• LC.2 • LC.4	5,0
Casos prácticos de tributación á Seguridade Social. - Aplicar á práctica a teoría da actividade anterior.	• Explicación e resolución de exercicios prácticos de mostra	• Resolver exercicios prácticos plantexados	• Coñecer como se calculan a bases de cotización a S.S. e o IRPF	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca • Calculadora	• LC.1 • PE.2 • TO.1	6,0
					TOTAL	**36,0**

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Liquidación e ingreso das cotizacións á Seguridade Social e das retencións a conta do IRPF	32

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO
RA4 - Elabora a documentación correspondente ao pagamento de retribucións do persoal, de cotización á Seguridade Social e de impostos inherentes, consonte a normativa.	NO

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñece o procedemento de liquidación das cotizacións á Seguridade Social. 1.2 Interpreta e organiza os datos para calcular as cotizacións sociais e aplicar os tipos de cotización.	1	Proceso de liquidación das cotizacións á Seguridade Social.	4,0
2.1 Aplica os coñecementos teóricos sobre a cotización á Seguridade Social a distintos casos prácticos.ñ	2	Casos prácticos de liquidación das cotizacións á Seguridade Social.	12,0
3.1 Identifica os tipos de retención que se deben aplicar cando se perciben rentas e retribucións de distintos tipos. 3.2 Identifica e cumprimenta os documentos necesarios para informar das retribucións satisfechas e das retencións a conta do IRPF. 3.3 Organiza a información e cumprimenta os certificados anuais de retencións a conta do IRPF.	3	Proceso de liquidación e ingreso das retencións a conta do IRPF.	4,0
4.1 Aplica os coñecementos teóricos sobre liquidación e ingreso das retencións a conta do IRPF a distintos casos prácticos.	4	Casos prácticos sobre a liquidación e ingreso das retencións a conta do IRPF.	12,0
		TOTAL	**32**

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.5 Definíronse os procesos de afiliación e alta na Seguridade Social.	• PE.1	S	15
CA3.6 Obtivéronse as táboas, os baremos e as referencias sobre as condicións laborais: convenio colectivo, bases e tipos de cotización á Seguridade Social, e retencións do IRPF.	• LC.1	N	9
CA4.2 Distinguíronse os réximes da Seguridade Social.	• PE.2	S	15
CA4.4 Calculouse o importe das bases de cotización en función das percepcións salariais e das situacións que máis comunmente as modifican.	• LC.2	S	15
CA4.6 Tivéronse en conta os prazos establecidos para o pagamento de cotas á Seguridade Social e para retencións, así como as fórmulas de aprazamento, segundo os casos.	• LC.3	S	15
CA4.7 Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.	• LC.4	S	15
CA4.9 Valoráronse as consecuencias de non cumprir os prazos previstos na presentación de documentación e pagamento.	• TO.1	N	8
CA4.10 Realizáronse periodicamente copias de seguridade informáticas para garantir a conservación dos datos na súa integridade.	• LC.5	N	8
		TOTAL	**100**

4.7.e) Contidos

Contidos
Documentación e formalización do contrato de traballo. Cotizacións á Seguridade Social. Tipos e bases de cotización.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Proceso de liquidación das cotizacións á Seguridade Social. - Identificar e describir o procedemento utilizado para a liquidación das cotizacións.	• Presentación e explicación de contidos	• Repostar a cuestións plantexadas	• Coñecer o proceso de liquidación das cotizacións a S.A.	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca	• LC.1 • LC.2 • PE.1 • PE.2	4,0
Casos prácticos de liquidación das cotizacións á Seguridade Social. - Aplicar os coñecementos teóricos a casos prácticos.	• Explicación de casos prácticos de mostra de liquidación das cotización á S.S.	• Realizar supostos prácticos	• Resolución de casos práticos de liquidación das cuotas á S.S.	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca • Impresos • Calculadora	• LC.1 • LC.2 • LC.4 • LC.5 • TO.1	12,0
Proceso de liquidación e ingreso das retencións a conta do IRPF. - Coñecer cómo é o proceso de liquidación do IRPF.	• Presentación e explicación de contidos	• Repostar a cuestións plantexadas	• Identificar os distintos tipos de retención ó IRPF	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca	• LC.1 • PE.1 • PE.2	4,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Casos prácticos sobre a liquidación e ingreso das retencións a conta do IRPF. - Aplicar os coñecementos teóricos a casos prácticos.	• Explicación de casos prácticos de mostra	• Realizar exercicios prácticos	• Exercicios de casos prácticos sobre a liquidación e ingreso das retencións a conta do IRPF	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca • Impresos • Calculadora	• LC.1 • LC.3 • LC.5 • PE.1 • PE.2 • TO.1	12,0
					TOTAL	**32,0**

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Modifiación, suspensión e extinción do contrato de traballo	13

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO
RA4 - Elabora a documentación correspondente ao pagamento de retribucións do persoal, de cotización á Seguridade Social e de impostos inherentes, consonte a normativa.	NO

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñece as modificacións que se poden producir no contrato de traballo. 1.2 Diferencia a suspensión das relacións laborais da extinción do contrato de traballo. 1.3 Identifica as diversas causas de extinción do contrato de traballo.	1	A modificación, a suspensión e a extinción do contrato de traballo.	5,0
2.1 Realiza liquidacións de contratos de traballo por distintas causas.	2	Casos prácticos de liquidacións dos contratos de traballo.	8,0
		TOTAL	**13**

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.8 Identificáronse as causas e os procedementos de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo conforme a normativa, e identificáronse os elementos básicos da liquidación.	• PE.1	S	25
CA3.9 Rexistrouse a información xerada nos respectivos expedientes de persoal.	• PE.2	N	13
CA3.10 Seguíronse criterios de prazos, confidencialidade, seguridade e dilixencia na xestión e na conservación da información.	• LC.1	N	12
CA4.5 Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.	• LC.2	S	25
CA4.7 Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.	• LC.3	S	25
		TOTAL	**100**

4.8.e) Contidos

Contidos
Suspensión e extinción do contrato de traballo. Liquidación. Confección do recibo de salarios.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A modificación, a suspensión e a extinción do contrato de traballo. - Coñecer as circunstancias que dan lugar as modificacións que se poidan producir no contrato de traballo.	• Presentación e explicación dos contidos	• Repostar a cuestións plantexadas	• Diferenciar entre modificación, suspensión e extinción dun contrato de traballo	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca	• LC.1 • LC.2 • PE.1	5,0
Casos prácticos de liquidacións dos contratos de traballo. - Elaborar liquidacións dos contratos de traballo.	• Explicación de casos prácticos de mostra	• Realiza exercicios prácticos	• Casos prácticos resoltos	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca • Calculadora	• LC.1 • LC.2 • LC.3 • PE.2	8,0
					TOTAL	**13,0**

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Prevención de riscos laborais.	12

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental nas operacións administrativas de recursos humanos, e recoñece a súa incidencia nun sistema integrado de xestión administrativa.	SI

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Interpreta os elementos básicos en materia de prevención de riscos laborais. 1.2 Analiza a normativa aplicable en materia de riscos laborais.	1	A prevención de riscos laborais.	7,0
2.1 Identifica os principais riscos laborais na oficina. 2.2 Recoñece como propios eses riscos nos que podería incurrir cando se incorpore ó mundo laboral no sector da xestión administrativa.	2	Os riscos laborais na oficina.	5,0
		TOTAL	**12**

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.	• PE.1	S	30
CA6.2 Valorouse a integración dos procesos de recursos humanos con outros procesos administrativos da empresa.	• TO.1	N	5
CA6.3 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.	• LC.1	S	30
CA6.4 Aplicáronse os procesos para reducir o impacto ambiental da súa actividade.	• LC.2	S	30
CA6.5 Aplicáronse na elaboración e na conservación da documentación as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).	• LC.3	N	5
		TOTAL	**100**

4.9.e) Contidos

Contidos
Prevención de riscos laborais: saúde, dano e risco. Fundamentos e principios básicos dun modelo de calidade total en recursos humanos. Normativa de protección de datos de carácter persoal e confidencialidade.

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
A prevención de riscos laborais. - Coñecer a normativa aplicable á prevención de riscos laborais.	• Presentación e explicación de contidos	• Repostar a cuestións plantexadas	• Coñecer a Ley de Prevención de Riscos Laborais	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca	• PE.1	7,0
Os riscos laborais na oficina. - Coñece os riscos do seu sector laboral.	• Presentación e explicación de contidos	• Repostar a cuestións plantexadas	• Coñecer os riscos laborais na oficina	• Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca	• LC.1 • LC.2 • LC.3 • TO.1	5,0
					TOTAL	**12,0**

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua a través das actividades que se programen e harmonizarase con probas teórico-prácticas para cada avaliación parcial, de carácter obrigatorio para o alumnado, e axustadas aos resultados de aprendizaxe e aos criterios de avaliación do currículo.

A valoración do grao de consecución dos resultados de aprendizaxe farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos para o módulo. Os mínimos esixibles están directamente relacionados cos criterios de avaliación que aparecen no currículo e veñen recollidos nesta programación.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

No punto 4c) xa se especificou o peso de cada criterio de avaliación en función da unidade didáctica de que se trate así como si dito criterio dentro da unidade didáctica considérase mínimo esixible.

CA1.1 - Describíronse os aspectos principais da organización das relacións laborais.
CA1.2 - Relacionáronse as funcións e as tarefas do departamento de recursos humanos, así como as principais políticas de xestión do capital humano das organizacións.
CA1.3 - Identificáronse as técnicas habituais de captación e selección.
CA1.10 - Aplicáronse os criterios, as normas e os procesos de calidade establecidos, na procura dunha xestión eficaz.
CA2.3 - Identificáronse as entidades de formación máis próximas ou importantes, preferentemente por medios telemáticos, para propor ofertas de formación nun caso empresarial dado, e contactouse con elas.
CA2.4 - Clasificáronse as principais fontes de subvención da formación en función da súa contía e dos seus requisitos.
CA2.10 - Aplicouse ao seu nivel a normativa de protección de datos relativa á seguridade, a confidencialidade, a integridade, o mantemento e a accesibilidade á información.
CA3.1 - Definíronse os aspectos máis salientables das condicións laborais establecidas na Constitución, no Estatuto dos Traballadores, nos convenios colectivos e nos contratos.
CA3.2 - Recoñecéronse as fases do proceso de contratación e os tipos de contratos laborais máis habituais segundo a normativa laboral.
CA3.5 - Definíronse os procesos de afiliación e alta na Seguridade Social.
CA3.7 - Aplicáronse as normas de cotización á Seguridade Social referentes a condicións laborais, prazos de pagamento e fórmulas de aprazamento.
CA3.8 - Identificáronse as causas e os procedementos de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo conforme a normativa, e identificáronse os elementos básicos da liquidación.
CA3.10 - Seguíronse criterios de prazos, confidencialidade, seguridade e dilixencia na xestión e na conservación da información.
CA4.1 - Identificáronse os conceptos de retribución e cotización do traballador e diferenciáronse os tipos de retribución máis comúns.
CA4.2 - Distinguíronse os réximes da Seguridade Social.
CA4.3 - Identificouse a estrutura básica do salario e os tipos de percepcións salariais, non salariais, de periodicidade superior ao mes e extraordinarias

CA4.4 - Calculouse o importe das bases de cotización en función das percepcións salariais e das situacións que máis comunmente as modifican.
CA4.5 - Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.
CA4.6 - Tivéronse en conta os prazos establecidos para o pagamento de cotas á Seguridade Social e para retencións, así como as fórmulas de aprazamento, segundo os casos.
CA4.7 - Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.
CA4.9 - Valoráronse as consecuencias de non cumprir os prazos previstos na presentación de documentación e pagamento.
CA5.1 - Determináronse os aspectos básicos das relacións laborais no relativo ás súas comunicacións internas.
CA5.4 - Elaboráronse informes básicos do control de presenza, utilizando aplicacións de procesamento de texto e presentacións.
CA6.1 - Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.
CA6.3 - Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.
CA6.4 - Aplicáronse os procesos para reducir o impacto ambiental da súa actividade.

A avaliación será un proceso continuo e haberá dúas avaliacións. A relación de unidades que compoñen cada avaliación son:

- Primeira avaliación: unidades 1 - 2 - 3 - 4.
- Segunda avaliación: unidades 5 - 6 - 7 - 8 - 9.

En cada unidade didáctica establécese o instrumento a aplicar segundo os contidos da mesma. Se o instrumento é proba escrita esta poderá ser exame teórico e/ou práctico, traballos, etc. As probas teóricas poden ser de resposta curta, cumprimentar, resposta larga, tipo test (con e sen desconto de erros). Nas diferentes probas constarán os pesos de cada pregunta. De ser tipo test especificarase o que restan as respostas erróneas.

Se o instrumento é táboa de observación ou lista de cotexo, son táboas que conteñen indicadores que serven para avaliar se o alumnado realizou as aprendizaxes relacionadas cun criterio de avaliación e dispoñen de columnas adicionais para realizar a valoración.

A nota de cada avaliación será un número enteiro entre 1 e 10 puntos e será a media ponderada das unidades didácticas que compoñen a avaliación. Se algunha das unidades didácticas que compoñen a avaliación está suspensa, a nota da avaliación poderá ser como máximo 4 puntos sobre 10.

A nota final do módulo será a media ponderada de todas as unidades didácticas que o compoñen. Para superalo, teñen que estar aprobadas todas as unidades didácticas (con polo menos un 50% dos criterios de avaliación considerados mínimos esixibles alcanzados para cada unha de elas). No caso de ter algunha unidade didáctica suspensa, a nota poderá ser como máximo 4 puntos sobre 10.

O redondeo efectuarase por exceso cando as décimas da cualificación sexan iguais ou superiores a 6.

Se un/ha alumno/a non se presenta a un exame, só terá dereito á repetición do exame aportando un xustificante oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.

Considéranse causas xustificadas da non asistencia a un exame as seguintes:

a) Enfermidade grave ou hospitalización que impida fisicamente a asistencia ou realización do exame.
b) Morte ou hospitalización dun familiar con relación de parentesco de primeiro grado ocorrida dentro das 48 horas anteriores á celebración do exame.
c) Citación xudicial inaprazable que impida a asistencia ao exame.
d) Calquera outra libremente apreciada pola profesora, da que o alumno deberá aportar a xustificación debida.

Sancionarase coa cualificación de 1 cando se comprobe que o alumno/a non actuou de boa fe ao realizar as probas porque copiara ou realizara condutas similares.
A superación dos controis, exames, tarefas e traballos deberá obterse de forma lícita.

Polo tanto, o feito de copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, apuntamentos, etc. (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un cero na cualificación do mesmo, sen dereito a repetición, o que suporá unha nota de suspenso nas unidades que compoñan esa avaliación.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Faranse unhas probas iniciais para coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. Estas probas adaptaranse a cada módulo, e poderan ser:

- Exercicios-problemas de cálculo como aplicación de porcentaxes, proporcións, etc.
- Cuestionario sobre conceptos básicos precisos para a aprendizaxe do módulo.

O resultado desas probas será levado á sesión de avaliación inicial que realizará o equipo docente.

No caso dos alumnos de segundo esta proba non se realiza porque foron alumnados/as no curso pasado e a docente ten información suficiente para expoñer na avaliación inicial.

Avaliación Trimestral

Cada calificación trimestral calcularase en base aos resultados obtidos cos seguintes instrumentos de avaliación, situándose o aprobado co alcance dun 50% dos criterios de avaliación considerados mínimos esixibles para cada unha das unidades :

- Exames: 80%: Alcance mínimo do 50% dos mínimos esixibles en tódolos exames para superar o trimestre. As probas obxectivas serán tanto programadas e datadas, como a criterio do docente sin previo aviso. Calquera intento de copia ou fraude, suporá o suspenso nese bloque de contidos.

- Actividades avaliables: 20%: Entrega das actividades avaliables (exercicios, resolución de casos, traballos...) realizadas en cada UD para a súa corrección.

A non presentación dos exercicos feitos na aula das diferentes unidades didácticas suporá unha nota negativa de (-0,25) por unidade didáctica.

Para obter á calificación final do trimestre sumaranse as calificacións das dúas notas anteriores, tendo en conta que, para sumar á calificación final do trimestre o %,das actividades, será necesario ter alcanzado o 50% dos mínimos esixibles en tódolos exames do trimestre.

- A asistencia a clase é obrigatoria.
- Con 10% de faltas non xustificadas pérdese o dereito a exame.

- Calquera día, en horas de clase, pode haber un control sen previo aviso. A nota obtida terase en conta para a nota final.
- Calquera intento de copia ou fraude suporá o suspenso na Unidade Didáctica correspondente.
- A non presentación de todos os exercicios das diferentes unidades didácticas supondrá unha nota negativa de (-0,25) por unidade didáctica

Avaliación Final

A calificación final do módulo calcularase a través da media das duas calificacións trimestrais.

É moi importante que o alumno asimile que debe comportarse, da forma máis parecida posible a un posto de traballo para o que está formándose. Por iso terase en conta: iniciativa propia, traballo, esforzo, interés, asistencia, puntualidade, comportamento na clase, respecto ó/a profesor/a e ós/as compañeiros/as, etc.

Aqueles alumnos que teñan unha cualificación negativa nalgunha das dúas avaliacións trimestrais, deberán realizar no mes de marzo (nunha data previa a FCT), unha proba final de avaliación que evidencie a adquisición das capacidades terminais elementais do módulo.

A avaliación final servirá para valorar os logros obtidos polo alumno ó termo do proceso de ensino-aprendizaxe e para determinar a cualificación final do ciclo formativo en función dos obxetivos xerais do currículo e a competencia profesional característica do título. Os alumnos que tivesen cualificación positiva nas tres avaliacións trimestrais, non terán que presentarse a esta proba final.

Finalmente, é preciso dicir que a avaliación non debe ser unicamente un instrumento para coñecer o progreso do alumno, senón que debe servir tamén como medio de autoavaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e para corrixilo se é necesario.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os procedementos de recuperación durante o curso realizaranse en data posterior a cada avaliación. Para a súa recuperación seguirase o seguinte proceso:

- Detectar as causas.

- Paliar, na medida do posible, estas causas: intentando unha maior motivación, sinalando técnicas de estudio e traballo máis específicas, sinalar conceptos básicos das unidades.

- Realizar exercicios máis sinxelos ou con máis pasos intermedios, para alcanzar o nivel esixido.

- Realizar un exercicio de recuperación ou un traballo complementario que englobe as capacidades non conseguidas.

- Realizarase unha proba final (proba escrita teórico-práctica) para aqueles alumnos/as que non superasen algunha ou todas as unidades didácticas. O/a alumno/a conservará a nota das unidades didácticas que teña aprobadas. O exame consistirá en resolver preguntas tipo test ou de desenvolvemento curto teóricas e/ou prácticas. A nota deste exame será a nota da unidade didáctica recuperada e será de entre 1 e 10 puntos. Para superar a unidade didáctica ten que acadarse polo menos un 50% dos mínimos esixibles da mesma . A nota final do módulo determinarase

segundo o procedemento para as avaliacións ordinarias.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito a avaliación continua cando supere o 10% de faltas de asistencia xustificadas segundo a Norma de Organización e Funcionamento (NOF) do centro e o 10% de faltas inxustificadas segundo o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011.

A tenor do exposto, e tendo en conta as casuísticas comentadas, ao finalizar o período lectivo para este módulo, farase unha proba obxectiva de toda a materia para aqueles/as alumnos/as que por falta de asistencia perderon o dereito a avaliación continua, consistente nun exame de todas as unidades didáctica. O exame consistirá en resolver preguntas tipo test ou de desenvolvemento curto teóricas e/ou prácticas. A nota deste exame será de entre 1 e 10 puntos. Para superalo teñen que acadarse un mínimo dun 50% dos mínimos esixibles .

A nota final do módulo determinarase segundo o procedemento para as avaliacións ordinarias.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación correspóndelle, en primeiro lugar, á profesora, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente e no departamento, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente.

Ademais, na reunión de departamento, ao longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso. O seguimento de programación reflíctase na aplicación da Consellería de Educación "Programacións".

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, a profesora realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Procurarase obter información sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, coincidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Tamén se consultará co Departamento de Orientación para coñecer se existen dificultades co alumnado respecto á expresión oral ou escrita, a capacidade de abstracción, a correcta utilización das fontes de información, a utilización da lóxica na resolución de problemas, o dominio das técnicas de estudio máis elementais, etc.

No inicio do curso é importante coñecer a cada alumno/a, en particular, e ao grupo, en xeral; concretamente, a información persoal, ocupacional, os intereses, as expectativas, limitacións, etc., que cambiarán ao longo do curso e permitirán á profesora reorientar a programación. Trátase de información que afecta ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Como instrumentos de avaliación utilizaranse:

- Informes do Departamento de Orientación.
- Observación do alumnado nos primeiros días de clase e un cuestionario inicial.
- Probas iniciais para coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. Estas probas adaptaranse a cada módulo, e poderan ser:

  * Exercicios-problemas de cálculo como aplicación de porcentaxes, proporcións, etc.
  * Cuestionario sobre conceptos básicos precisos para a aprendizaxe do módulo.

-No caso de alumnos repetidores, as experiencias do curso pasado

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A Lei Orgánica de Educación, no seu artigo 71, establece a obriga da Administración de dispoñer dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Segundo a LOE os/as alumnos/as poden requirir unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades especificas da aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Neste contexto, o artigo 5 do Real Decreto 1147/2011 establece que as ensinanzas de FP adaptaranse ao alumnado con NEE para que se garanta o seu acceso, permanencia e progresión nestas ensinanzas.

En Galicia regúlase a atención á diversidade do alumnado a través do Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Así mesmo, establécense protocolos específicos como o protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, pensando nun posible alumno que precise medidas de atención concretas.

Unhas das medidas xerais a aplicar é o reforzo. Entendemos como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas polo profesorado e dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias, tratándose sobre todo de medidas que requiren flexibilidade metodolóxica.

- Situar ao alumnado con necesidades específicas nos grupos nos que mellor poida traballar cos seus compañeiros. Para iso deben aproveitarse as interaccións e axudas que de forma espontánea se producen en todos os grupos; pero ademais será necesario potenciar e desenvolver intencionalmente estas interaccións.

- Introducir métodos e técnicas de ensino-aprendizaxe especificas para traballar determinados contidos, sexan individuais ou compartidos co grupo.

- Utilizar técnicas, procedementos e instrumentos de avaliación distintos dos do grupo de referencia.

- Incorporar, nas actividades de ensino-aprendizaxe e avaliación, o tipo de axuda máis axeitado para o/a alumno/a. Por exemplo, axudas visuais , axudas persoais (compañeiros, profesores, auxiliares educativos, intérpretes, expertos, etc...).

- Introducir actividades individuais, ben alternativas ou ben complementarias, para conseguir obxectivos comúns ao grupo de referencia.

- Eliminar aquelas nas que non se beneficie ou non poida ter unha participación activa e real.

- Situar o/a alumno/a no lugar da aula no que se compensen ao máximo as súas dificultades e no que participe, o máis posible, na dinámica do grupo.

En calquera caso, as medidas deberán ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade poranse en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de información e orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas e promover unha adaptación curricular.

Non obstante, tendo en conta os distintos motivos da atención a diversidade levaranse a cabo as seguintes accións:

- Alumnado con altas capacidades intelectuais: O alumnado que posúa características de altas capacidades e/ou a aqueles que pola súa capacidade ou experiencia teñan un nivel claramente superior ao resto da clase, proporcionaránselles actividades específicas que permitan desenvolver o seu intelecto da forma máis axeitada. Recomendaráselles e proporáselles a realización de actividades de maior complexidade que ao resto da clase, que amplíen os conceptos, ben sexa coa lectura de artigos ou bibliografía avanzados ou a realización de actividades de maior complexidade.

- Alumnado con dificultade de aprendizaxe: Aos alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe trataráselles de orientar cara a realización de actividades máis básicas que cumpran os obxectivos marcados para o módulo. Proporcionaráselles información de apoio adecuada ao seu nivel.

- Alumnado estranxeiro: No caso de alumnos estranxeiros con problemas de comunicación asociados a linguaxe, axudaráselle a entender os contidos na súa lingua sempre que sexa posible.

- Alumnado con necesidades educativas especiais: Para os alumnos con necesidades educativas especiais realizaranse adaptacións curriculares, estas poderán ser significativas ou non significativas. Calquera adaptación curricular que se faga aos alumnos con necesidades educativas especiais farase sempre en colaboración co Departamento de Información e Orientación, o cal nos indicará os graos e formas de aprender do alumno co fin de determinar que obxectivos da programación convén modificar ou adaptar. Todo isto intentando sempre integrar ao alumno co resto de compañeiros.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

As actividades profesionais asociadas a este ciclo se aplican:

En tódolos ámbitos da empresa, tanto interno coma externo y en todo tipo de empresas, independentemente ol sector o que pertenzan. E por esta razón que tratarase de transmitir valores cívicos e profesionais para que se adapten ó mundo empresarial.

A educación en valores estará presente ao longo de todo o curso, na forma na que se desenvolven os traballos da clase e nos exercicios que se van a facer, adecuándose á realidade empresarial e económica do momento; terá especial incidencia nos valores de:

-Esforzo persoal
-Cultura emprendedora
-Colaboración cos compañeiros
-Igualdade de oportunidades
-Actitude non sexista
-Traballo en equipo
-Organización do traballo
-Trato educado cos compañeiros e co profesorado
-Rexeitamento dos malos tratos
-Coidado e utilización dos bens comúns e o medio ambiente.

A Lei de Educación incorpora as competencias básicas ao currículo, como un dos seus elementos máis salientables, esta incorporación das competencias básicas ao currículo é unha primeira aposta por achegar o sistema educativo ás esixencias internacionais. Unha das competencias introducidas é a competencia social e cidadá, básica para a comprensión da realidade na que se vive empregando o xuízo ético baseado nos propios valores e nas prácticas democráticas que deben presidir as nosas relacións. Enténdese que desde esta competencia o alumnado poderá afrontar dun xeito máis adecuado a convivencia coas demais persoas e o enfrontamento dos conflitos que poidan xurdir nas relacións.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaránse as actividades complementarias que determine o departamento Administrativo.

10.Outros apartados

10.1) Escearios de docencia semipresencial e non presencial

A docencia do ciclo é presencial .

Establecense escenarios para a docencia en situacións excepcionais que serán valoradas polo Equipo Directivo, Equipo docente , Titor e profesor ou profesora.

DOCENCIA SEMIPRESENCIAL

RECURSOS
- O alumnado deberá dispor na casa dun dispositivo electrónico con conexión a Internet, GSuite, Microsoft Office e NominaSol

SESIÓNS DIDÁCTICAS
- O alumnado acudirá á clase por quendas de presencialidade.
- Cando os estudantes non poidan acudir ás sesións presenciais, deberán conectarse á plataforma GSuite dende a casa no horario establecido para seguir en directo a clase e participar activamente no seu transcurso. Para isto a docente lle poderá exixir a activación do micrófono e a cámara.

- No caso de que un alumno ou alumna non se conecte no horario establecido para a sesión didáctica rexistrarase a corresponde falta no XADE.
- Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abriráselle expediente disciplinario a/ persoa/s involucradas.

ACTIVIDADES
- Para o desenvolvemento das tarefas, tanto aquelas a realizar durante a sesión didáctica como aquelas a efectuar fóra do horario lectivo, empregarase a plataforma GSuite.
- A docente subirá os materiais e instrucións necesarios para que o alumnado poida realizar a actividade e lle dará un prazo determinado para a súa entrega. Antes de que finalice dito prazo, os estudantes deberán ter subido as súas respostas á aula virtual para a súa correspondente corrección e cualificación.
- A non entrega das tarefas, por motivos xustificados ou inxustificados, dentro de prazo programado, non dará dereito a súa repetición.
- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito presencial a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 na tarefa.

EXAMES
- Os exames se realizarán por quendas de presencialidade.
- Os alumnos e alumnas deberán presentarse na data e hora asignadas para a realización dos exames.
- A non asistencia aos exames na data e hora asignadas, por motivos xustificados ou inxustificados, non dará dereito á repetición das probas.

AVALIACIÓN
- A avaliación rexerase polos mesmos criterios indicados para o escenario de presencialidade no epígrafe 5 da presente programación.

DOCENCIA NON PRESENCIAL

RECURSOS
- O alumnado deberán dispor na casa dun dispositivo electrónico con conexión a Internet, GSuite, Microsoft Office e NominaSol

SESIÓNS DIDÁCTICAS
- O alumnado seguirá ás clases de xeito telemático, empregando o GSuite.
- Os estudantes deberán conectarse á plataforma GSuite dende a casa no horario establecido para seguir en directo a clase e participar activamente no seu transcurso. Para isto a docente lle poderá exixir a activación do micrófono e a cámara.
- No caso de que un alumno ou alumna non se conecte no horario establecido para a sesión didáctica rexistrarase a corresponde falta no XADE.
- Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abriráselle expediente disciplinario a/ persoa/s involucradas.

ACTIVIDADES
- Para o desenvolvemento das tarefas, tanto aquelas a realizar durante a sesión didáctica como aquelas a efectuar fóra do horario lectivo, empregarase a plataforma GSuite.
- A docente subirá os materiais e instrucións necesarios para que o alumnado poida realizar a actividade e lle dará un prazo determinado para a súa entrega. Antes de que finalice dito prazo, os estudantes deberán ter subido as súas respostas á aula virtual para a súa correspondente corrección e cualificación.
- A non entrega das tarefas dentro do prazo programado, por motivos xustificados ou inxustificados, non dará dereito a súa repetición.
- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito telemático a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 na tarefa.

EXAMES
- Os exames se realizarán de xeito telemático e poderán consistir, entre outros, en formularios de Google, entregas de arquivos, cuestionarios

orais, etc.
- Os alumnos e alumnas deberán realizar os exames na data e horario programados.
- A non realización dos exames, por motivos xustificados ou inxustificados, na data e horario programados, non dará dereito á repetición das probas.
- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito telemático a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 no exame.

AVALIACIÓN
- A avaliación rexerase polos mesmos criterios indicados para o escenario de presencialidade no epígrafe 5 da presente programación.

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0443	Tratamento da documentación contable	2023/2024	6	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	OLGA GONZÁLEZ MARTÍNEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O ámbito produtivo no que se atopa situado o centro educativo caracterízase pola presenza de PYMES enmarcadas fundamentalmente no sector secundario. É por iso que o deseño do módulo xira ao redor das tarefas administrativas que adoitan desenvolver os profesionais do ámbito da xestión e administración neste tipo de empresas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0443_00			
					RA1	RA2	RA3	RA4
1	A contabilidade. O ciclo contable		15	12		X	X	X
2	Preparación da documentación contable. Obrigas legais.		15	12	X			
3	Compras e vendas no PXC de PEMES		16	13		X	X	X
4	Gastos e ingresos de explotación		16	13		X	X	X
5	Acreedores e deudores por operacións comerciais I		16	12		X	X	X
6	Acreedores e deudores por operacións comerciais II		16	12		X	X	X
7	O inmobilizado		16	13		X	X	X
8	Fontes de financiamento		16	13		X	X	X
		Total:	126					

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A contabilidade. O ciclo contable	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
Dereitos e obrigas en materia de prevención - Coñecerase a normativa básica máis os dereitos e obrigas de empresa e traballadores/as en materia de prevención	• explicación de contidos e presentación de tarefas	• resolución de tarefas e posta en común das respostas	• Tarefas realizadas	• Libro de texto • Material facilitado polo profesor • Equipamento de aula • Internet • Lei de Prevención de Riscos Laborais	• PE.1 - Contidos do tema • TO.1 - Contidos do tema • TO.2 - Contidos do tema • TO.3 - Contidos do tema	6,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Organización da prevención na empresa - Determinaranse as formas de xestionar a prevención na empresa máis a participación dos/as traballadores/as na mesma	• explicación de contidos e presentación das tarefas	• realización das tarefas e posta en común das respostas	• Tarefas realizadas	• Libro de texto • Material facilitado polo profesor • Equipamento de aula • Internet • Lei de Prevención de Riscos Laborais	• PE.7 - Contidos do tema • PE.8 - Contidos do tema • PE.9 - Contidos do tema	8,0
Análise de factores de risco - Avaliaranse os riscos no sector da actividade	• explicación dos contidos e presentación das tarefas máis dos supostos prácticos tirados de ErgaFp	• resolución das tarefas máis dos casos prácticos tirados de ErgaFp e posta en común das respostas	• tarefas e casos prácticos realizados	• Equipamento de aula • Internet • Libro de texto • Material facilitado polo profesor • Lei de Prevención de Riscos Laborais	• PE.2 - Contidos do tema • PE.3 - Contidos do tema • PE.4 - Contidos do tema • PE.5 - Contidos do tema • PE.6 - Contidos do tema • PE.10 - Contidos do tema • PE.11 - Contidos do tema • TO.4 - Contidos do tema • TO.5 - Contidos do tema	12,0
					TOTAL	**26,0**

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Primeiros auxilios	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en xestión administrativa.	NO

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Aprender sobre o plan de emerxencias	1	Plan de emerxencias	3,0
2.1 Aprender técnicas de primeiros auxilios	2	Primeiros auxilios	9,0
		TOTAL	**12**

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.	• PE.1 - Contidos do tema	S	20
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.	• PE.2 - Contidos do tema	S	20
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.	• PE.3 - Contidos do tema	S	20
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.	• PE.4 - Contidos do tema	S	20
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.	• PE.5 - Contidos do tema	S	20
		TOTAL	**100**

4.4.e) Contidos

Contidos
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Plan de emerxencias - Aprenderase sobre o plan de emerxencias na empresa:contido, método de elaboración, posta en marcha e actuación en caso de emerxencia	• explicación dos contidos e presentación das tarefas	• realización das tarefas e posta en común das respostas	• Tarefas realizadas	• Libro de texto • Material facilitado polo profesor • Equipamento de aula • Internet • Lei de Prevención de Riscos Laborais	• PE.1 - Contidos do tema • PE.2 - Contidos do tema • PE.3 - Contidos do tema • PE.4 - Contidos do tema	3,0
Primeiros auxilios - Aprenderanse técnicas de primeiros auxilios en diferentes supostos.	• explicación dos contidos e proxección de videos sobre técnicas de primeiros auxilios • presentación das tarefas	• visualización de videos sobre técnicas de primeiros auxilios • realización de tarefas e posta en común das respostas	• Tarefas realizadas	• Libro de texto • Equipamiento de aula • Material facilitado polo profesor • Internet • Lei de Prevención de Riscos Laborais	• PE.5 - Contidos do tema	9,0
					TOTAL	**12,0**

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A relación laboral individual	32

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo 1.2 Recoñecer os dereitos e as obrigas dos/as traballadores/as 1.3 Distinguir os principais organismos que interveñen nas relacións laborais	1	O dereito do traballo	7,0
2.1 Identificar os elementos básicos dun contrato de traballo. 2.2 Coñecer as principais modalidades de contratación	2	O contrato de traballo e as súas modalidades	7,0
3.1 Coñecer a regulación da xornada laboral máis os descansos e os permisos ós que teñen dereito os/as traballadores/as 3.2 Aplicar o convenio colectivo á xornada	3	A xornada laboral	6,0
4.1 Analizar o recibo de salarios e identificar os principais elementos que o integran	4	O recibo de salario	6,0
5.1 Identificar as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral	5	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	6,0
		TOTAL	**32**

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.	• PE.1 - Contidos do tema	S	10
CA2.2 Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.	• PE.2 - Contidos do tema	S	10
CA2.3 Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.	• PE.3 - Contidos do tema	S	10
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.	• PE.4 - Contidos do tema	S	10
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.	• TO.1 - Contidos do tema	S	10
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en xestión administrativa.	• PE.5 - Contidos do tema	S	10
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.	• TO.2 - Contidos do tema	S	10

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.	• PE.6 - Contidos do tema	S	10
CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.	• PE.7 - Contidos do tema	S	10
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.	• PE.8 - Contidos do tema	S	10
		TOTAL	**100**

4.5.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O dereito do traballo - Identificaranse os conceptos básicos do Dereito do Traballo asi como os dereitos e deberes que derivan da relación laboral e os organismos que interveñen	• explicación das características da relación laboral ,fontes, principios de aplicación, dereitos e deberes laborais e organismos públicos en materia laboral • presentación de tarefas	• realización de tarefas e posta en común das respostas	• Tarefas realizadas	• Libro de texto • Internet • Equipamento de aula • Material facilitado polo profesor	• PE.1 - Contidos do tema • PE.2 - Contidos do tema • TO.1 - Contidos do tema	7,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
O contrato de traballo e as súas modalidades - Identificaranse os elementos básicos do contrato de traballo e as principais modalidades de contratación	• explicación do elementos básicos do contrato e modalidades de contratación • proposta de tarefas e de busca de datos	• realización de tarefas, busca de datos e posta en común das respostas	• Tarefas realizadas	• Libro de texto • Equipamiento de aula • Material facilitado polo profesor • Internet • Estatuto dos traballadores	• PE.3 - Contidos do tema • PE.4 - Contidos do tema • TO.2 - Contidos do tema	7,0
A xornada laboral - Coñecerase a regulación da xornada laboral máis os descansos e os permisos ós que teñen dereito os/as traballadores/as e, aplicaráselle o convenio colectivo	• explicación da xornada, regulación, tempos de descanso e conciliación da vida laboral e familiar • proposta de consultar información en E.T. máis C.C. e elaborar un cadro comparativo sobre diferentes aspectos da xornada	• busca de información en E.T. e C.C e cubrir un cadro comparativo sobre diferentes aspectos da xornada	• síntese sobre a xornada laboral	• Libro de texto • Equipamiento de aula • Internet • Material facilitado polo profesor • E.T. e C.C.	• PE.5 - Contidos do tema • PE.8 - Contidos do tema	6,0
O recibo de salario - Analizarase o recibo de salarios	• explicación da estructura do salario e compoñentes do recibo de salarios • proposta de realización de tarefas	• realización de tarefas e posta en común das respostas	• Tarefas realizadas	• Equipamento de aula • Internet • Libros de texto • Material facilitado polo profesor	• PE.6 - Contidos do tema	6,0
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo - Analizaranse as causas de modificación, suspensión e extinción da relación laboral, así como os seus efectos e indemnizacións	• explicación de modificación, suspensión e extinción do contrato • presentación de tarefas	• realización de tarefas e posta en común das respostas	• Tarefas realizadas	• Equipamento de aula • Internet • Libros de texto • E.T. • Material facilitado polo profesor	• PE.7 - Contidos do tema	6,0
					TOTAL	**32,0**

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	As relacións colectivas	6

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprender o sistema de representación dos/as traballadores/as na empresa	1	Representación dos/as traballadores/as na empresa	2,0
2.1 Comprender o papel dos sindicatos e asociacións empresariais	2	Papel dos sindicatos e asociacións empresariais	2,0
3.1 Analizar os conflictos colectivos	3	Conflictos colectivos e procedementos de solución	2,0
		TOTAL	**6**

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.	• PE.1 - Contidos do tema	S	50
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.	• PE.2 - Contidos do tema	S	50
		TOTAL	**100**

4.6.e) Contidos

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Representación dos/as traballadores/as na empresa - Comprenderase o sistema de representación dos/as traballadores/as na empresa	• explicación da representación dos/as traballadores/as na empresa e proposta de tarefas	• realización de tarefas e posta en común das respostas	• Tarefas realizadas	• Libro de texto • Material facilitado polo profesor • Equipamentos de aula • Internet	• PE.1 - Contidos do tema	2,0
Papel dos sindicatos e asociacións empresariais - Comprenderanse as organizacións sindicais e empresariais	• explicación sindicatos	• comprender o papel sindicatos	• síntese	• Libro de texto • Internet • Material facilitado polo profesor • Equipamento da aula	• PE.1 - Contidos do tema	2,0
Conflictos colectivos e procedementos de solución - Analizaranse os diferentes conflictos colectivos	• explicación de conflictos colectivos	• identificar tipos de conflicto colectivos	• sintese	• Equipamento de aula • internet • libros de texto • Material facilitado polo profesor	• PE.2 - Contidos do tema	2,0
					TOTAL	**6,0**

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A Seguridade Social	12

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar o sistema da S.S 1.2 Comprender a estructura do sistema da S.S 1.3 Coñecer as obrigas das persoas coa S.S	1	A Seguridade Social como piar esencial da nosa calidade de vida, estrutura e funcionamento	3,0
2.1 Identificar as prestacións básicas da S.S 2.2 Calcular as prestacións por incapacidade temporal e por desemprego	2	Prestacións básicas da Seguridade Social	9,0
		TOTAL	**12**

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse o papel da Seguridade Social como piar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.	• TO.1 - Contidos do tema	S	5
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.	• PE.1 - Contidos do tema	S	20
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.	• PE.2 - Contidos do tema	S	25
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.	• PE.3 - Contidos do tema	S	25
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.	• PE.4 - Contidos do tema	S	25
		TOTAL	**100**

4.7.e) Contidos

Contidos
A Seguridade Social como piar do estado social. Estrutura do sistema de Seguridade Social. Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social. Protección por desemprego.

Contidos
Prestacións contributivas da Seguridade Social.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A Seguridade Social como piar esencial da nosa calidade de vida, estrutura e funcionamento - Analizarase a estrutura e funcionamento do sistema da Seguridade Social	• Explicación da importancia da SS, a súa estrutura e funcionamento • Proposta da realización de tarefas	• Realización de tarefas e posta en común de respostas	• Tarefas realizadas	• Libro de texto • Equipamiento de aula • Internet • Material facilitado polo profesor	• PE.1 - Contidos do tema • TO.1 - Contidos do tema	3,0
Prestacións básicas da Seguridade Social - Coñeceranse as prestacións básicas da S.S	• explicación contidos	• proposta de casos sobre cálculos de prestacións por I.T. e por desemprego • resolución de casos sobre cálculos de prestacións por I.T. e por desemprego	• casos prácticos resoltos	• Libro de texto • Equipamiento de aula • Internet • Material facilitado polo profesor	• PE.2 - Contidos do tema • PE.3 - Contidos do tema • PE.4 - Contidos do tema	9,0
					TOTAL	**12,0**

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A inserción laboral	14

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar as propias competencias persoais e profesionais	1	Autonálise persoal e profesional	3,0
2.1 Saber aplicar técnicas de busca de emprego	2	Procura de emprego	11,0
		TOTAL	**14**

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.	• TO.1 - Contidos do tema	S	10
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.	• TO.2 - Contidos do tema	S	10
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.	• TO.3 - Contidos do tema	S	10
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.	• TO.4 - Contidos do tema	S	10
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.	• PE.1 - Contidos do tema	S	10
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.	• PE.2 - Contidos do tema	S	15
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.	• PE.3 - Contidos do tema	S	15
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.	• PE.4 - Contidos do tema	S	15
CA4.9 Previronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.	• TO.5 - Contidos do tema	N	5
		TOTAL	**100**

4.8.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais. Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa. Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.

Contidos
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en xestión administrativa.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en xestión administrativa.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Autonálise persoal e profesional - Analizaranse as propias competencias persoais e profesionais	• presentación dos contidos e proposta de actividades e cuestionarios de autocoñecemento persoal e profesional	• realización de actividades e cuestionarios	• información sobre si mesmos	• Libro de texto • Equipamiento de aula • Internet • Material facilitado polo profesor	• PE.1 - Contidos do tema • PE.2 - Contidos do tema • TO.1 - Contidos do tema • TO.2 - Contidos do tema • TO.3 - Contidos do tema • TO.4 - Contidos do tema	3,0
Procura de emprego - Analizarase a busca de emprego no sector máis practicaranse técnicas e procura de emprego	• explicación das técnicas de busca de emprego e vías de inserción laboral • proposta de busca de información e realización de actividades	• busca de información e actividades realizadas	• Tarefas realizadas	• Libro de texto • Equipamentos de aula • Internet • Material facilitado polo profesor	• PE.3 - Contidos do tema • PE.4 - Contidos do tema • TO.5 - Contidos do tema	11,0
					TOTAL	**14,0**

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Os equipos de traballo e a xestión do conflito	10

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os equipos de traballo en situacións de traballo 1.2 Determinar as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces 1.3 Valorar positivamente a necesaria existencia de diversidade de roles e opinións asumidos polos membros dun equipo	1	Equipos de traballo	5,0
2.1 Recoñecer e identificar tipos de conflictos e as súas fontes 2.2 Determinar procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo	2	Conflictos na empresa	5,0
		TOTAL	**10**

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en xestión administrativa e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.	• PE.1 - Contidos do tema	S	15
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.	• PE.2 - Contidos do tema	S	15
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.	• TO.1 - Contidos do tema	S	15
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.	• TO.2 - Contidos do tema	S	15
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.	• PE.3 - Contidos do tema	S	15
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.	• TO.3 - Contidos do tema	N	10
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.	• PE.4 - Contidos do tema	S	15
		TOTAL	**100**

4.9.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo. Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.

Contidos
Equipos no sector administrativo e financeiro segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Equipos de traballo - Valoraranse as ventaxas do equipo eficiente	• explicación de conceptos, ventaxes e tipoloxías dos equipos de traballo • proxección de videos e proposta da realización de actividades	• visualización de videos e realización das actividades	• Tarefas realizadas	• Libro de texto • Equipamiento de aula • Material facilitado polo profesor • Internet	• PE.1 - Contidos do tema • PE.2 - Contidos do tema • PE.4 - Contidos do tema • TO.1 - Contidos do tema • TO.2 - Contidos do tema • TO.3 - Contidos do tema	5,0
Conflictos na empresa - Recoñecerase a posible existencia de conflictos entre os membros dun grupo como un aspecto característico das organizacións e determinaranse procedementos para a súa resolución	• explicación dos conflictos na empresa e o procedemento de resolución dos mesmos • proposta de realización de actividades	• Buscar nos medios de comunicación situacións actuais de conflictos laborais	• Tarefas realizadas	• Libro de texto • Equipamiento de aula • Internet • Material facilitado polo profesor	• PE.3 - Contidos do tema • PE.4 - Contidos do tema • TO.3 - Contidos do tema	5,0
					TOTAL	**10,0**

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINIMOS EXIXIBLES:

Os mínimos exixibles a acadar polo alumnado para a superación do módulo, serán os indicados como tal en cada unha das unidades didácticas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

o PROBAS ESCRITAS:

Realizarase, polo menos, unha proba escrita (exame) en cada avaliación.

Nestas probas poderanse presentar cuestións tipo test e/ou supostos prácticos e/ou preguntas curtas ou longas. Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles, o/a alumno/a poderá contestar ou deixar en branco, as respostas en branco non puntúan, as respostas erradas restan en función do que en cada proba se indique. Na resolución dos supostos prácticos e preguntas curtas ou longas o alumno/a deberá demostrar que é coñecedor/a da teoría aplicable así como dos procedementos para resolver a situación que se presenta.

En cada proba, que puntúa sobre 10, indicarase o valor de cada cuestión debendo acadarse polo alumnado un mínimo de 5 puntos para que se considere superada. O redondeo dos números decimais realizarase do seguinte xeito: se o valor do decimal é igual a 5 ou maior redondearemos a nota hacia arriba, se o díxito en décimas e igual a 4 ou menor redondearemos a nota hacia abaixo.

A media das probas realizadas no trimestre suporá o 70 % da nota de avaliación trimestral.

o ACTIVIDADES DE AULA:

As actividades poderán consistir na realización de exercicios no caderno de aula de cada alumno/a ou na entrega (e, no seu caso, exposición) de traballos que poderán ser individuais ou colectivos.

Os contidos, as características e os criterios de corrección de cada unha das actividades de aula serán proporcionados previamente á súa realización.
Valorarase non só o resultado obtido, tamén se terá en conta o procedemento, o cumprimento do prazo establecido, o nivel de adecuación ás indicacións proporcionadas, as fontes consultadas, os termos utilizados, as normas de ortografía e redacción e a orde e limpeza na presentación das actividades.

As actividades puntuaranse sobre 10, debendo acadarse polo alumnado un mínimo de 5 puntos para que se consideren aprobadas.

A media das actividades de aula realizadas no trimestre suporá o 30 % da nota de avaliación trimestral.

Cada avaliación trimestral considerarase aprobada cando se obteña unha puntuación global igual ou superior a 5 unha vez aplicados os criterios de cualificación establecidos.

A cualificación final do módulo será o resultado da media das cualificacións dos tres trimestres.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Procedemento para a recuperación:

a.-RECUPERACIÓN ORDINARIA:

As probas de recuperación levaranse a cabo con aqueles/as alumnos/as que non houbesen acadado un 5 na avaliación. Poderán consistir en probas escritas , similares ás realizadas para a avaliación ordinaria, e/ou na presentación de traballos sobre os contidos da materia. Cando a profesora o considere oportuno, poderá facerse unha proba de recuperación por cada bloque de contido que teña pendente o alumnado.
En todo caso haberá un exame final onde o alumno/a poderá recuperar as probas que teña pendentes.

b.-RECUPERACIÓN DO MÓDULO PENDENTE:

Os/as alumnos/as de 2º curso que teñan pendente o módulo de FOL de 1º, deberán levar a cabo as actividades de recuperación previamente establecidas e serán avaliados/as coincidindo coa 2ª sesión de avaliación parcial de módulos de 2º a celebrar no mes de marzo/abril. En caso de non acadar unha avaliación positiva, os/as alumnos/as poderán recuperar os módulos pendentes durante o período ordinario de realización da FCT (marzo-xuño) e serán avaliados na avaliación final de módulos de 2º curso no mes de xuño.
As actividades de recuperación para estos/as alumnos/as se deseñarán a partir do informe de avaliación individualizado ao que se fai referencia nos art. 7º e 10º.4 da Orde do 30 de xullo de 2007 (DOGA do 9 de agosto). Estas actividades poden consistir nas seguintes tarefas:

o Realización de actividades semellantes ás feitas ao longo do curso na clase. Deberán ser entregadas polo/a alumno/a dentro dos prazos que a profesora vaia establecendo para cada unha. A profesora estará a disposición do/a alumno/a para o seguimento dos traballos e a resolución das posibles dúbidas naquelas horas que ambas partes puideran acordar no centro.

o Realización dunha ou máis probas escritas. As datas de celebración serán notificadas coa suficiente antelación pola profesora. Estas probas serán similares ás desenvolvidas ao longo do curso. na aula.

O módulo considerarase superada cando o/a alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

En canto aos criterios de avaliación, aos contidos mínimos exixibles e ás normas aplicables para o redondeo dos números decimais, serán os mesmos que xa figuran detallados na programación para o módulo e para o curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda de avaliación continua terá dereito a unha proba de avaliación extraordinaria sobre a totalidade dos contidos do módulo, a cal terá unha:

- Parte teórica: realización de cuestións de resposta breve ou longa e/ou resolución de exercicios tipo test.

- Parte práctica: resolución de diferentes supostos prácticos (nóminas, finiquitos, cálculo de prestacións da Seguridade Social etc.) relacionados cos contidos do módulo e/ou exercicios de razoamento.

Na proba, que puntúa sobre 10, indicarase o valor de cada cuestión.

O módulo considerarase superada cando o/a alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5. O redondeo dos números decimais realizarase do seguinte xeito: se o valor do decimal é igual a 5 ou maior redondearemos a nota hacia arriba, se o díxito en décimas e igual a 4 ou menor redondearemos a nota hacia abaixo.

No caso de que os alumnos/as que perderon o dereito á avaliación continua a determinada altura do curso tiveran realizado ou participado en traballos e actividades de avaliación ou de recuperación estas non poderán ser avaliadas, é dicir, non se poden conservar as notas correspondentes a probas escritas ou actividades aprobadas polo que estes alumnos/as, unha vez perdido o dereito á avaliación continua, se terán que presentar igualmente á proba de avaliación extraordinaria e superar esta para que se considere aprobado o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Comprende a avaliación da propia programación que é susceptible de adaptacións sempre que as circunstancias o requiran e da actuación do profesor. Implica por parte do profesor un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da súa programación e o seu sistema de ensinanza, co fin de introducir medidas de mellora no proceso.
Cando finalice cada unidade didáctica o profesor recollerá nun arquivo as modificacións ou observacións da adecuación entre o planificado e o realmente levado a cabo (tipo de actividade ensino-aprendizaxe, tempo).
Trimestralmente analizarase o desenvolvemento da programación en relación aos resultados obtidos por los alumnos.
Ao finalizar o mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificación para o seguinte curso.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:
- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.
- Metodoloxía empregada.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial o primeiro período lectivo do curso, co obxecto de valorar o estado inicial dos alumnos e alumnas para poder ir tomando decisións relativas ao desenvolvemento do módulo.
Consistirá en preguntas orientadas a indagar sobre o interese e coñecementos previos que teñen sobre os contidos básicos do módulo.
A profesora utilizará cuestionarios, a observación, o diálogo co alumnado, a análise das súas intervencións orais e escritas e o intercambio de impresións con outros profesores/as. Deste xeito, esta avaliación permitirá detectar posibles atrancos, centros de interese e motivacións do alumnado, así como tomar as decisións oportunas para axustar o proceso de ensino-aprendizaze aos coñecementos previos do alumnado e adoptar as medidas oportunas de cara á planificación da dinámica da aula.

Así mesmo, en cada unidade didáctica partirase dunha primeira aproximación aos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a tratar na mesma, coa finalidade de detectar calquera dificultade e poder reforzala dende o principio.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No suposto de que algún/a alumno/a non responda globalmente, reunirase o equipo docente do ciclo formativo, e de forma coordinada adoptaranse as medidas oportunas.

Estas medidas poden consistir con carácter xeral en:

- Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido, garantindo sempre a adquisición dos mínimos esixibles.
- Para ó alumnado que o precise, repetición individualizada dalgunhas explicacións, adaptación do material para a súa comprensión e reforzo dos logros como elementos de motivación.
- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.
- Cando a profesora considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para o alumnado que presenten dificultades.
- Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.
- Crear un ambiente de traballo cooperativo e de axuda mutua.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O longo do curso neste módulo atenderase, polos seus propios contidos, ao desenvolvemento de aspectos relacionados coa educación en valores. Polo tanto, os temas transversais teñen como finalidade contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades necesarias para inserirse como cidadáns, de modo activo e crítico, na sociedade na que viven

Dentro da dinámica xeral do proceso de ensino e aprendizaxe traballaranse os seguintes contidos relacionados coa educación en valores:

- A responsabilidade social e individual.
- A igualdade de dereitos e oportunidades entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminacións.
- A diversidade como un valor enriquecedor: no respecto ás ideas, opinións e ideoloxías dos compañeiros/as, a valoración das achegas dos compañeiros/as e o traballo en equipos, fomentando hábitos de comportamento democrático
- Educación para a saúde e a educación ambiental, especialmente dentro do tema da responsabilidade social e a hora de coñecer e aplicar as medidas de protección e prevención de riscos no ámbito laboral.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Na medida do posible complementaranse as clases con actividades como as seguintes:

- Visitas a empresas do sector produtivo.
- Charlas de expertos nos temas que se trate.
- Asistencia a xuizos no Xulgado do Social.
- Visita á oficina do Servizo Galego de Colocación.
- Taller práctico de primeiros auxilios.

- Participación en actividades ofertadas polo Concello.
- Colaboración en aquelas actividades programadas en outros módulos.
- Colaboración con Departamento de Orientación.

10.Outros apartados

10.1) secuencia

O inicio de curso, explicarase ó alumnado en que consiste o módulo, as unidades didácticas que se tratarán, os criterios de avaliación así como a metodoloxía para levar a cabo a mesma.
Remitirase o alumnado á aula virtual do centro para que poidan consultar a programación completa (versión do alumnado) aquelas persoas que o desexen.

A continuación indícanse as actuacións en caso de formación non presencial:
-formación semi-presencial:
Combinarase a impartición dos contidos de maneira telemática, para o cal o alumnado que quede no domicilio debe seguir as clases e acceder ó material e actividades a través de diferentes medios (correo electrónico e/ou moodle e/ou abalar e/ou G Suite e/ou Webex e/ou outros); Xunto co aproveitamento de clases presenciais para a corrección de exercicios e aclaración de dúbidas así como a realización das probas escritas, estando estas últimas programadas e datadas, incluso organizadas por quendas segundo as circunstancias o requiren. A asistencia ás clases virtuais é obrigatoria e está prohibido gravar as sesións.
Manteranse os mínimos exixibles máis os criterios de cualificación indicados na programación para a formación presencial (indicado ó longo desta programación).

-En caso de formación a distancia:
A impartición dos contidos será de maneira telemática, para o cal o alumnado debe seguir as clases e acceder o material, actividades e probas a través de diferentes medios (correo electrónico e/ou moodle e/ou abalar e/ou G Suite e/ou Webex e/ou outros).
Todo o alumnado debe asistir ás clases virtuais na hora de clase e a través da plataforma elexida polo centro; De non cumplirse, terá a consideración de falta de asistencia e indicarase como tal no programa Xade.
Non está permitida a gravación das sesións, sendo causa de apertura de expediente disciplinario ás persoas involucradas. Puntualizar que o mesmo acontece ca gravación das clases presenciais.
Manteranse os mínimos exixibles máis os criterios de cualificación indicados na programación para a formación presencial (indicado ó longo desta programación).